

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO DEBATE ESTADO DO CONCELLO**

**Expediente GD: 3256/2022**

### ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e artigo 79 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, e artigo 60 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ames (BOP número 67, de 08.05.2020)

### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar **sesión extraordinaria** do Pleno do Concello 2022 cuxo único punto da orde do día será o seguinte:

**Punto Único.** Debate sobre o Estado do Concello.

A sesión terá lugar no salón de actos da Casa de Cultura do Milladoiro o **xoves día 7 de abril de 2022, ás 20.30 horas.**

Segundo o acordado na reunión da Xunta de Voceiros mantida o 31.03.2022 os tempos previstos no artigo 41 do ROM modifícanse quedando as intervencións coas seguintes duracións:

- Alcaldía: 10 minutos;
- Voceiros primeira quenda: 10 minutos;
- Voceiros segunda quenda: 5 minutos;
- Peche Alcaldía: 5 minutos.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, os/as concelleiros/as deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

**Segundo.** Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

O secretario

Resolución da DXAL do 08.03.2022

José Blas García Piñeiro

Dalmiro Núñez Méndez